



Concello de Cangas

Expediente núm.: 2079/2021
Notificación de Resolución.

Mediante o presente notifícaselle a Resolución n.º 2021-1609, de data 22/07/2021, que é como segue:

“ DECRETO DE CONVOCATORIA

Coa finalidade de proceder a convocar a sesión constitutiva da mesa local de turismo e a fixar os asuntos a tratar na orde do día, e de conformidade co establecido no artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO. *Convocar a sesión ordinaria da mesa local de turismo para o vindeiro xoves 29 de xullo de 2021, ás 18:00 horas, no salón de Plenos do Concello.*

SEGUNDO. *Fixar a seguinte*

ORDE DO DÍA:

Primeiro.- *Constitución da mesa local de turismo en data 29 de xullo de 2021*

Segundo.- *Recollida de necesidades*

Terceiro.- *Propostas e suxerencias*

Rogos e preguntas”

O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, advertíndose que se trata dun acto de trámite e como tal non procede a interposición de recursos contra o mesmo.

No entanto, contra as resolucións e os actos de trámite que decidan, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, de conformidade co artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpor o recurso potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade e anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da citada Lei. O prazo para interpor recurso potestativo de reposición será dun mes, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes, desde a súa interposición (artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3SN4WWARZEWYYP LK GAY9G5P | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1